

# **INFORME MERCADO LABORAL GALEGO 2023**

**Gabinete Técnico Confederal**



**Confederación Intersindical Galega**

# MERCADO LABORAL GALEGO

## ANO 2023

Rematado 2023, cúmprense dous anos da implantación da última reforma laboral que tentaba aplicar unha maior estabilidade no mercado laboral. Pasados estes anos, os resultados non son os esperados, en xeral, nin para os homes, nin especialmente para as mulleres, xa que moitas das fendas de xénero anteriores á reforma se incrementan.

E isto co engadido, á hora da análise, da forte irrupción dos contratos fixos/descontinuos, o que impide, ou cando menos dificulta, a análise de estatísticas relacionadas coa duración da xornada, temporalidade, etc., así como a comparanza con anos anteriores a estas modificacións.

Ante esta falta de homoxeneidade dalgunha das variábeis, imos limitar a análise comparativa a 2021, ano anterior á aplicación da reforma, para, na medida do posible, avaliar os efectos da devandita reforma laboral.

Os datos de afiliación á Seguridade Social (SS) son os que nos permiten analizar os efectos da reforma laboral con maior precisión, xa que ofrecen información por tipo de contrato, xornada..., sen esquecer que estamos falando de datos reais, xa que se trata dunha estatística censal (inclúe toda a poboación afectada, non unha mostra desta).

Comezamos, logo, polos datos de afiliación á Seguridade Social.

### Afiliación á Seguridade Social

Antes de analizarmos polo miúdo como evolucionou a afiliación á SS e mais situación das persoas afiliadas en Galiza, imos achegar os datos do resto das comunidades do Estado español, para compararmos.

O primeiro dato salientábel dos datos do cadro seguinte é o feito de que Galiza, xunto con Extremadura, Asturias e Cantabria, é a comunidade onde menos se incrementou a afiliación desde decembro do 2021, desde que se implantou a reforma.

### Afiliación media por comunidades.

#### TODOS OS RÉXIMES

	Total Sexo		Variación	
	2021/12	2023/12	Absoluta	%
<b>Total</b>	19.824.911	20.836.010	1.011.099	5,1
<b>Andalucía</b>	3.253.950	3.376.677	122.727	3,8
<b>Aragón</b>	584.861	607.237	22.376	3,8
<b>Asturias</b>	370.199	380.073	9.874	2,7

<b>Balears, Illes</b>	440.608	472.912	32.303	7,3
<b>Canarias</b>	831.919	910.207	78.288	9,4
<b>Cantabria</b>	221.637	226.932	5.295	2,4
<b>Castela e León</b>	932.263	961.386	29.123	3,1
<b>Castela - A Mancha</b>	749.007	772.693	23.686	3,2
<b>Catalunya</b>	3.519.131	3.709.808	190.678	5,4
<b>Comunitat Valenciana</b>	2.020.055	2.134.226	114.170	5,7
<b>Estremadura</b>	403.671	412.216	8.545	2,1
<b>Galiza</b>	<b>1.032.784</b>	<b>1.062.283</b>	<b>29.498</b>	<b>2,9</b>
<b>Madrid</b>	3.391.380	3.659.405	268.025	7,9
<b>Murcia</b>	619.657	646.333	26.675	4,3
<b>Navarra</b>	295.665	305.749	10.083	3,4
<b>País Vasco</b>	980.022	1.012.947	32.925	3,4
<b>Rioxa, A Ceuta</b>	132.561	136.555	3.994	3,0
<b>Melilla</b>	21.927	23.633	1.706	7,8
	23.614	24.741	1.127	4,8

Fonte: Seguridade Social

De media, no Estado español rexistráronse un 5,1% máis de persoas en alta laboral afiliadas á SS en decembro de 2023 respecto de decembro de 2021, o que equivale a 1.011099 persoas máis. En Galiza este incremento foi só do 2,9%.

---

*En Galiza, desde o ano 2021 medrou a afiliación á SS un 2,9%, fronte ao 5,1% na media estatal.*

---

Só o 2,9% dos novos afiliados/as se rexistraron en Galiza, cando Galiza acolle o 5% da afiliación total.

Analizamos agora máis polo miúdo a situación en Galiza.

Comezamos pola evolución da afiliación media á SS. segundo os distintos réximes.

## Afiliación segundo réxime. Galiza.

	TOTAL SEXO		VARIACIÓN	
	2021/12	2023/12	Absoluta	%
<b>TODOS OS RÉXIMES</b>	1.032.784,47	1.062.282,67	29.498,20	2,9
<b>RÉXIME XERAL</b>	773.371,16	809.500,33	36.129,17	4,7
<b>R.X.(S.E.AGRARIO)</b>	5.543,21	5.842,39	299,18	5,4
<b>R.X.(S.E. EM. FOGAR)</b>	24.977,21	23.374,11	-1.603,10	-6,4
<b>R.E.AUTÓNOMOS/AS (NON SETA)</b>	188.293,89	186.385,78	-1.908,11	-1,0
<b>REG.E. AUTÓNOMOS/AS (SETA)</b>	20.714,26	18.489,83	-2.224,43	-10,7
<b>R.E.MAR (CONTA ALLEA)</b>	10.861,47	10.245,50	-615,97	-5,7
<b>R.E.MAR (C. PROPIA)</b>	9.023,26	8.444,72	-578,54	-6,4

Fonte: Seguridade Social

Desde decembro do ano 2021 aumentou a afiliación á SS un 2,9% de media, pero cunha distribución moi desigual segundo o réxime. Cada ano que pasa, o réxime xeral acolle un maior número de persoas traballadoras; desde o ano 2021 son un 4,7% máis as persoas dadas de alta nel. O 76,2% das persoas en alta laboral están inscritas neste réxime. A finais de 2021 eran o 72,8%.

O réxime xeral cobra maior peso na medida que toda a nova afiliación se rexistra maioritariamente nel, mentres que os demais van perdendo peso. Este período non foi unha excepción. No resto dos réximes descendeu a afiliación considerabelmente.

No R. de autónomos/as e dentro deste no SETA (sistema especial de traballadores agrarios), cun descenso do 10,7% foi onde se produciu a perda de afiliación maior, o que así mesmo reflicte a forte perda de peso do sector primario en Galiza. Descende a afiliación no agrario tanto no réxime xeral como no de autónomos/as, igual que no mar, onde descende tanto no caso das persoas traballadoras por conta propia como por conta allea.

O réxime xeral de empregadas do fogar perdeu un 6,4% de afiliación desde o ano 2021.

Centrándonos no réxime xeral, onde están inscritas 809.500 persoas traballadoras (411.219 mulleres e 398.280 homes), imos analizar, na medida do posible, as condicións destas cos datos que a SS nos facilita.

## Afiliación media á SS por tipo de contrato e xornada.

	Total Sexo		Variación	
	2021/12	2023/12	Absoluta	%
<b>TODAS AS MODALIDADES DE CONTRATOS</b>	773.371,16	809.500,33	36.129,17	4,7
<b>INDEFINIDO-T. Completo</b>	393.995,74	467.374,83	73.379,09	18,6
<b>INDEFINIDO-T. Parcial</b>	82.690,47	113.664,11	30.973,64	37,5
<b>INDEFINIDO-Fixos Descontínuos</b>	14.845,79	33.417,83	18.572,04	125,1
<b>TEMPORAL-T. Completo</b>	140.246,26	85.710,78	-54.535,48	-38,9
<b>TEMPORAL-T. Parcial</b>	69.631,95	30.860,61	-38.771,34	-55,7
<b>APREND., FORMACIÓN e PRÁCT.</b>	7.323,58	5.542,06	-1.781,52	-24,3
<b>OUTROS(*)</b>	64.637,37	72.930,11	8.292,74	12,8

Fonte: Seguridade Social.

Desde o ano 2021, desde a aprobación da reforma, o tipo de contrato que máis aumenta é o fixo-descontínuo. Así, hai rexistradas un 125,1% de persoas máis que a finais do 2021.

Se ademais das fixas-descontínuas, sumamos as indefinidas a xornada parcial, o peso das xornadas non completas na contratación indefinida aumenta substancialmente: no ano 2021 eran o 19,8% e en 2023 foron o 23,9%.

*O 23,9% das persoas con contrato indefinido é a xornada non completa (parcial ou fixo-descontínuo). En 2021 eran o 19,8%*

Pero o máis preocupante detéctase cando dividimos os datos anteriores por sexo.

	Muller		% sobre total		Varón		% sobre total	
	2021/12	2023/12	2021	2023	2021/12	2023/12	2021	2023
<b>Todas</b>	389.330	411.219	100,0	100,0	384.040	398.280	100,0	100,0
<b>INDEFINIDO-T. Completo</b>	157.166	186.356	40,4	45,3	236.829	281.018	61,7	70,6
<b>INDEFINIDO-T. Parcial</b>	61.323	82.086	15,8	20,0	21.367	31.578	5,6	7,9
<b>INDEFINIDO-Fixos Descontínuos</b>	10.246	20.142	2,6	4,9	4.600	13.276	1,2	3,3
<b>TEMPORAL-T. Completo</b>	69.362	52.036	17,8	12,7	70.885	33.675	18,5	8,5
<b>TEMPORAL-T. Parcial</b>	45.600	19.424	11,7	4,7	24.032	11.436	6,3	2,9
<b>APREND., FORMACIÓN e PRÁCT.</b>	3.311	2.561	0,9	0,6	4.012	2.981	1,0	0,7
<b>Outros</b>	42.322	48.614	10,9	11,8	22.315	24.316	5,8	6,1

Fonte: Seguridade Social.

Aínda que foi unha reforma laboral presentada para poñer fin, ou cando menos mitigar, a precaria situación que sofren as mulleres en xeral no mundo do traballo, logo de 2 anos da súa aplicación desta, os seus resultados van en sentido contrario. A fenda de xénero na maioría dos indicadores aumentou; a saber:

- En 2023, o 70,1% das mulleres tiñan un contrato indefinido (sumando todos os tipos de xornada), fronte ao 81,8% dos homes, 11,7 puntos de diferenza. No ano 2021 esta diferenza era de 9,7 puntos; polo tanto, incrementouse a desigualdade.
- En consecuencia, a taxa de temporalidade das mulleres afiliadas á SS é do 29,9%; no caso dos homes é do 18,2%.
- Tendo en conta só os indefinidos a tempo completo, só o 45,3% das mulleres dadas de alta no réxime xeral tiñan este tipo de contrato en 2023, fronte ao 70,6% dos homes, 25,3 puntos de diferenza. En 2021 a diferenza era de 21,3 puntos; polo tanto, incrementouse a fenda, xa de si elevada, en 4 puntos.
- No caso dos indefinidos a tempo parcial, dos que no ano 2021 dispuñan o 15,8% das mulleres, en 2023 aumentaron ata ser o 20% das mulleres as que teñen este tipo de contrato, 4,2 puntos porcentuais por riba. No caso dos homes, pasaron do 5,6% en 2021 ao 7,9% en 2023. Esta evolución agrandou a diferenza ata os 12 puntos, que no 2021 era de 10,2.
- Os contratos fixos-descontinuos (un contrato moi feminizado; de feito, o 60% das persoas afiliadas á Seguridade Social con este tipo de contrato son mulleres) aumentaron máis no caso dos homes nestes dous últimos anos, mais aínda así só afectan ao 3,3% dos varóns. No caso das mulleres, un 4,9% teñen este tipo de contrato.
- Se temos en conta o total dos contratos indefinidos a xornada non completa (sumando temporais máis fixos-descontinuos), o peso das mulleres é 2,5 veces superior ao dos homes.

Resulta evidente, en vista destes datos, que a última reforma laboral non fixo máis que afondar as fortes fendas xa existentes entre homes e mulleres no mercado laboral, ao aumentar en maior medida o número de homes que de mulleres con contrato indefinido a tempo completo, o contrato en principio menos precario que existe.

Esta circunstancia ten un reflexo directo nos ingresos das persoas. De aí, as fortes diferenzas nos ingresos que se reflicten na elevada fenda salarial de

xénero, que se incrementou no último ano do que dispomos de datos (18,7% en 2022 en 2021 era o 18,6%), e que coincide co primeiro de aplicación da reforma laboral, así como tamén nas fortes diferenzas de ingresos entre as persoas en xeral dependendo do tempo que traballen, a actividade...

## Ingresos salariais segundo as fontes tributarias

Para a análise dos ingresos da clase traballadora en xeral, imos utilizar os datos que a Axencia Tributaria nos proporciona a través do estudo *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias*.

Ao igual que no caso da afiliación á Seguridade Social, é unha estatística censal, é dicir, inclúe a toda a poboación afectada. Trátase, polo tanto, dunha base moi exhaustiva de información.

Nesta estatística, o salario medio calcúlase como o cociente entre as masas declaradas á Axencia Tributaria de rendementos do traballo divididas polo número de persoas perceptoras, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo. Este feito produce un nesgo á baixa, do que se coñece como salario medio, en comparanza con outras fontes cuxo denominador é o número medio anual de persoas traballadoras. Tampouco é correcto utilizar este dato en termos de salario medio anual (SMA), senón como **ingreso medio por salario**, aínda que a propia Axencia nas estatísticas o denomina salario medio.

Convén lembrar, así mesmo, que se trata de ingresos brutos, é dicir, incluíndo as achegas á Seguridade Social e as retencións do IRPF.

Este estudo está limitado ao Territorio de Réxime Fiscal Común, é dicir, non están incluídas as persoas que declaran ingresos no País Vasco e en Navarra.

Centrándonos nos datos, no que atinxe aos ingresos, de media aumentaron un 5,8% en 2022 con respecto ao ano anterior, situándose en 21.999 euros brutos anuais.

En todo caso estamos falando de ingresos brutos en termos nominais, é dicir, sen ter en conta a inflación e incluíndo as cotización a SS e o IRPF. Se a este incremento lle descontamos a inflación, que medida a través do IPC foi dun 5,7% de media no Estado (en Galiza aumentou un 6,4%), **en termos reais os ingresos por salarios só aumentaron unha décima no último ano.**

Aínda que estes son os datos medios, non todas as persoas traballadoras sufriron a mesma perda. No cadro seguinte, onde se distribúe a poboación asalariada por tramos de ingresos en relación ao SMI, vemos como hai un grupo, concretamente o de maiores ingresos, que non perdeu poder adquisitivo; todo o contrario, xa que os seus ingresos, de media, aumentaron un 20,6% só no último ano.

## A distribución das persoas asalariadas segundo tramo de ingresos en función do SMI.

Tramos de salario	2021		2022		Variación		Variación	
	Asal	SMA	Asal	SMA	Absoluta P. Asalariadas	%	Absoluta SMA	%
<i>Total</i>	1.042.813	20.786	1.067.825	21.999	25.012	2,4	1.213	5,8
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	184.668	2.924	177.488	2.997	- 7.180	-3,9	73	2,5
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	184.686	10.199	181.349	10.710	- 3.337	-1,8	511	5,0
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	249.151	16.665	273.935	17.349	24.784	9,9	684	4,1
<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	165.331	22.989	170.998	24.084	5.667	3,4	1.095	4,8
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	84.634	29.854	88.407	31.267	3.773	4,5	1.413	4,7
<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	68.971	36.532	70.243	38.226	1.272	1,8	1.694	4,6
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	40.268	43.175	40.326	45.209	58	0,1	2.034	4,7
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	22.337	49.708	21.937	52.092	- 400	-1,8	2.384	4,8
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	12.376	56.606	12.437	59.283	61	0,5	2.677	4,7
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	8.633	63.251	8.475	66.239	- 158	-1,8	2.988	4,7
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	16.829	78.928	17.025	82.580	196	1,2	3.652	4,6
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	2.936	113.189	2.953	118.098	17	0,6	4.909	4,3
<i>Más de 10 SMI</i>	1.993	249.417	2.252	300.863	259	13,0	51.446	20,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: *Mercado de Traballo e Pensi3ns nas Fontes Tributarias*. Axencia Tributaria.

Segundo a Axencia Tributaria, un 2,4% máis de persoas asalariadas declararon ingresos procedentes do traballo en 2022 que en 2021, elevando a 1.067.825 os declarantes totais.

Distribu3ndo a poboaci3n asalariada segundo o tramo de ingresos en funci3n do SMI, a evoluci3n foi moi dispar. Onde máis aumentou porcentualmente o n3mero de persoas asalariadas, foi entre as de maiores ingresos, aquelas con ingresos superiores a 10 veces o SMI, xa que foron un 13% máis que en 2021. Non s3 aumentou o n3mero, sen3n que os seus ingresos medios medraron case 4 veces máis que entre o resto de asalariados e asalariadas, un 20,6%.

En termos absolutos, o maior aumento deuse entre as persoas con ingresos entre 1 vez e 1,5 veces o SMI, grupo con 24.784 persoas asalariadas máis que en 2021, un 9,9% de aumento. Os ingresos deste grupo subiron de media un 4,1%. No aumento desta cohorte, puido influ3r a fin dos ERTE, xa que estes afectaron en maior medida os traballadores/as de menores ingresos, polo que, deixar de percibir ingresos de prestaci3ns e incrementar os procedentes do traballo, poida que explique en parte este incremento.

A xeito de resumo:

- Un 16,6% das persoas asalariadas (184.688) en 2022 tiveron uns ingresos medios brutos anuais inferiores á metade do SMI.



Concretamente, inferiores a 2.997 €. Nesta cohorte, foi onde menos aumentaron os ingresos, apenas un 2,5%.

- O 33,6% dos e das asalariadas non acadaron uns ingresos equivalentes ao SMI.
- No abano de ingresos entre 1 e 1,5 veces o SMI, sitúase o 25,7% da poboación asalariada, cuns ingresos brutos medios de 17.349 euros. Este é o intervalo con máis poboación.
- O 59,3% das persoas que percibiron ingresos procedentes do traballo non acadou os ingresos medios de Galiza, é dicir, estes son inferiores aos 21.999 €, o que amosa as grandes fendas existentes.
- De media, **unha persoa do grupo de maiores ingresos percibe o equivalente a 100 persoas do grupo de menores ingresos; no ano 2021 a equivalencia era 1 a 84.**

Son varios os factores que inflúen nesta forte fenda salarial entre a clase traballadora. As diferenzas existen por razón de sexo, de nacionalidade, de actividade económica...

Para a análise destas variábeis, imos utilizar os datos que nos facilita o Instituto Galego de Estatística (IGE) a través da Enquisa de Poboación activa (EPA).

## Actividade, ocupación e paro

Comezamos polas principais variábeis. Datos en miles.

	<b>Total</b>		<b>Variación</b>	
	<b>2022</b>	<b>2023</b>	<b>Absoluta</b>	<b>%</b>
<i>Total</i>			8,80	0,4
	2.342,60	2.351,40		
<i>Activos</i>	1.240,40	1.251,00	10,60	0,9
<i>Poboación ocupada</i>	1.103,70	1.129,30	25,60	2,3
<i>Poboación parada</i>	136,7	121,7	-15,00	-11,0
<i>Inactivos</i>	1.102,20	1.100,40	-1,80	-0,2

Fonte: IGE. EPA

Durante 2023, a poboación con máis de 16 anos medrou en Galiza un 0,4%. Este aumento afectou exclusivamente a poboación activa, xa que a inactiva descendeu un 0,2%

A medra da poboación activa (un 0,9%, 10.600 persoas máis) debeuse a un aumento da poboación ocupada, que se incrementou un 2,3%, 25.600 persoas ocupadas máis.

A poboación parada descendeu un 11%, o que en termos absolutos significa 15.000 persoas menos estimadas como paradas de media en 2023 en Galiza.

Imos analizar isto máis polo miúdo.

## Poboación activa.

No que atinxe á poboación activa, comezamos pola evolución segundo o sexo.

Poboación activa segundo sexo. Datos en miles

	2022	2023	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>				
<i>Total</i>	1.240,40	1.251,00	10,60	0,9
<i>Homes</i>	638,9	643,3	4,40	0,7
<i>Mulleres</i>	601,5	607,7	6,20	1,0

Fonte: IGE. EPA

O aumento de 10.600 persoas en activo no último ano, débese en maior medida á medra tanto poboación activa feminina (1%) como na masculina (0,7%), é dicir, aumentou entrambos os sexos. No ano anterior, a poboación activa masculina descendera.

Con esta evolución, as mulleres supoñen o 48,5% da poboación activa.

Nos últimos anos, no aumento da poboación activa ten moita importancia a chegada de inmigrantes. Así, se non fose pola poboación estranxeira os resultados serían cuantitativamente distintos.

## Poboación activa segundo nacionalidade. Datos en miles.

	2022	2023	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>				
<i>Total</i>	<b>1.240,40</b>	<b>1.251,00</b>	<b>10,60</b>	<b>0,9</b>
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	1.161,70	1.162,10	0,40	0,0
<i>Estranxeira: Total</i>	78,7	88,9	10,20	13,0
<i>Estranxeira: Unión Europea</i>	17,5	17,3	-0,20	-1,1

<i>Estranxeira: América Latina</i>	44,8	55	10,20	22,8
<i>Resto do mundo</i>	16,4	16,6	0,20	1,2
<b>Homes</b>				
<i>Total</i>	638,9	643,3	4,40	0,7
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	599,4	599	-0,40	-0,1
<i>Estranxeira: Total</i>	39,5	44,2	4,70	11,9
<i>Estranxeira: Unión Europea</i>	11,3	10,6	-0,70	-6,2
<i>Estranxeira: América Latina</i>	18,3	24,3	6,00	32,8
<i>Resto do mundo</i>	9,9	9,4	-0,50	-5,1
<b>Mulleres</b>				
<i>Total</i>	601,5	607,7	6,20	1,0
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	562,3	563,1	0,80	0,1
<i>Estranxeira: Total</i>	39,2	44,6	5,40	13,8
<i>Estranxeira: Unión Europea</i>	6,2	6,7	0,50	8,1
<i>Estranxeira: América Latina</i>	26,5	30,7	4,20	15,8
<i>Resto do mundo</i>	6,5	7,2	0,70	10,8

Fonte: IGE. EPA

(\*) A nomenclatura correspóndese coa orixinal publicada nas fontes oficiais.

Globalmente é a poboación estranxeira (en poboación estranxeira non está incluída nin a doutro territorio do Estado, nin a que ten dobre nacionalidade por ser descendente de poboación galega ou española) a que posibilitou o aumento da poboación activa. Se non fose así, esta apenas se incrementaría durante 2023, xa que das 10.600 novas persoas en activo o 96% (10.200 persoas) son nacidas fóra do territorio español.

---

*É a poboación estranxeira a que posibilitou o aumento da poboación activa*

---

Entre os homes, todas as novas incorporacións ao mercado de traballo durante 2023 en Galiza son de persoas con nacionalidade considerada estranxeira; entre a poboación con nacionalidade do estado español prodúcese un descenso. Son os homes procedentes de América Latina os que se incorporan ao mercado

laboral. Pola súa parte, os chegados doutras parte do mundo tamén descenden con respecto ao ano anterior.

No que atinxe ás mulleres, aumenta o número destas en activo, sexa cal sexa a súa nacionalidade, aínda que tamén neste caso é América Latina a que achega un maior número de activas ao mercado de traballo galego.

A chegada de inmigrantes non conseguiu frear o outro gran problema do mercado de traballo en Galiza, o avellentamento da poboación.

Poboación activa segundo idade e sexo. datos en miles.

	2022	2023	Variación	
			Absoluta	%
Total				
<i>Total</i>	1.240,40	1.251,00	10,60	0,9
<i>Homes</i>	638,9	643,3	4,40	0,7
<i>Mulleres</i>	601,5	607,7	6,20	1,0
<b>de 16 a 24 anos</b>				
<i>Total</i>	57,3	61,7	4,40	7,7
<i>Homes</i>	34,1	34,1	0,00	0,0
<i>Mulleres</i>	23,2	27,6	4,40	19,0
<b>de 25 a 54 anos</b>				
<i>Total</i>	918,8	909,5	-9,30	-1,0
<i>Homes</i>	468,9	465,3	-3,60	-0,8
<i>Mulleres</i>	449,9	444,2	-5,70	-1,3
<b>de 55 e máis anos</b>				
<i>Total</i>	264,3	279,7	15,40	5,8
<i>Homes</i>	135,9	143,8	7,90	5,8
<i>Mulleres</i>	128,4	135,9	7,50	5,8

Fonte: IGE.EPA

Non que atinxe aos máis novos/as, só mulleres de entre 16 e 24 anos se incorporaron á poboación activa neste último ano, 4.400 máis que no ano 2022. No caso dos homes desta idade, estímase o mesmo número que en 2022.

Entre os 25 e os 54 anos, descendeu a poboación activa tanto entre os homes como entre as mulleres; neste caso, máis entre as mulleres.

E a partir dos 55 anos, aumentou en ambos os dous sexos, en termos moi semellantes, un 5,8%.

---

*Novo avellentamento da poboación activa: o 22,3% ten máis de 55 anos.*

---

Con esta evolución, a poboación activa continúa avellentando, e xa o 22,3% desta tiña máis de 55 anos de media durante 2023, un punto máis que no ano anterior.

## Poboación ocupada

Son 1.129.300 as persoas que a EPA estima que estiveron ocupadas de media no ano 2023 en Galiza, un 2,3% máis que no ano 2022.

A evolución e distribución segundo sexo é como segue.

### Poboación ocupada segundo sexo. Datos en miles.

	2022	2023	Variación	
	Total	Total	Absoluta	%
<i>Total</i>	1.103,70	1.129,30	25,60	2,3
<i>Homes</i>	574,5	585,9	11,40	2,0
<i>Mulleres</i>	529,2	543,4	14,20	2,7

Fonte: IGE. EPA

O incremento da ocupación foi maior entre as mulleres que entre os homes; un 2,7% as mulleres fronte ao 2% dos homes.

Se ademais de desagregarmos segundo sexo, engadimos a nacionalidade, isto permítenos unha visión máis ao detalle de como vai evolucionando a situación laboral de homes e mulleres.

### Poboación ocupada segundo nacionalidade. Datos en miles.

	2022	2023	Variación	
			Absoluta	%
<i>Total</i>				
<i>Total</i>	1.103,70	1.129,30	25,60	2,3
<i>Homes</i>	574,5	585,9	11,40	2,0
<i>Mulleres</i>	529,2	543,4	14,20	2,7
<i>Española e dobre nacionalidade</i>				
<i>Total</i>	1.041,80	1.059,00	17,20	1,7
<i>Homes</i>	542,2	549,5	7,30	1,3
<i>Mulleres</i>	499,6	509,5	9,90	2,0
<i>Estranxeira: Total</i>				
<i>Total</i>	61,9	70,3	8,40	13,6
<i>Homes</i>	32,4	36,4	4,00	12,3
<i>Mulleres</i>	29,5	33,9	4,40	14,9

Fonte: IGE. EPA

(\*) A nomenclatura correspóndese coa orixinal publicada nas fontes oficiais

Sorprende que, ao contrario que no caso da poboación activa, onde o incremento desta se sustentaba no aumento da poboación estranxeira, no caso da poboación ocupada -e tanto no caso dos homes como no das mulleres- aumenta máis a ocupación entre a poboación con nacionalidade do estado español ou dobre nacionalidade.

Tamén entre a poboación inmigrante medra, pero en termos absolutos e en menor medida que o resto.

Non dispomos dos datos da poboación parada por sexo e nacionalidade, xa que sería interesante coñecer as taxas de paro por nacionalidade. En calquera caso, e vendo a evolución das dúas variábeis anteriores, poboación activa e ocupada, todo indica que a redución da poboación parada só afectou as persoas con nacionalidade do estado español ou dobre nacionalidade.

Se a poboación activa aumentou pola incorporación de persoas estranxeiras, especialmente entre os homes e, con todo, a ocupación medra máis entre o resto, unha simple regra de tres dinos que tivo que descender o paro entre a poboación con nacionalidade non estranxeira.

Por ramas de actividade a evolución foi como segue.


### Poboación ocupada segundo rama de actividade. Datos en miles

	<i>Total</i>		<i>Variación</i>	
	<b>2022</b>	<b>2023</b>	<b>Absoluta</b>	<b>%</b>
<i>Total</i>	1.103,70	1.129,30	25,60	2,3
<i>Agricultura e pesca</i>	66,6	70,5	3,90	5,9
<i>Agricultura, gandería</i>	47,4	50,9	3,50	7,4
<i>Pesca e acuicultura</i>	19,2	19,6	0,40	2,1
<i>Industria</i>	167,4	168,1	0,70	0,4
<i>Industrias extractivas</i>	3,4	3,8	0,40	11,8
<i>Industria manufactureira</i>	156,7	157,5	0,80	0,5
<i>Industria da alimentación,</i>	42,2	42,2	0,00	0,0
<i>Industria téxtil</i>	8,9	9,9	1,00	11,2
<i>Industria da madeira</i>	14,7	16,9	2,20	15,0
<i>Metalurxia e produtos metálicos</i>	31,5	33	1,50	4,8
<i>Fabricación de material de transporte</i>	35,1	34,4	-0,70	-2,0
<i>Resto da industria manufactureira</i>	24,1	21	-3,10	-12,9
<i>Enerxía,</i>	7,3	6,9	-0,40	-5,5
<i>Construción (</i>	73,6	76,2	2,60	3,5
<i>Servizos</i>	796,1	814,5	18,40	2,3
<i>Comercio</i>	176,2	173,8	-2,40	-1,4

<i>Transporte o Hostalaría</i>	54,6	57,5	2,90	5,3
<i>Activ de información, finans, inmos e profesionais</i>	166,1	167	0,90	0,5
<i>Información e comunicación</i>	33,9	31,2	-2,70	-8,0
<i>Actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros</i>	25,6	23,8	-1,80	-7,0
<i>Actividades profesionais, científicas e técnicas</i>	58,5	62,6	4,10	7,0
<i>Actividades administrativas e servizos auxiliares</i>	48,1	49,4	1,30	2,7
<i>Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria</i>	67,8	67	-0,80	-1,2
<i>Educación</i>	73,6	82,1	8,50	11,5
<i>Actividades sanitarias e de servizos sociais</i>	109	105,1	-3,90	-3,6
<i>Resto de servizos</i>	78,8	84,4	5,60	7,1
<i>Actividades artísticas, recreativas e de lecer</i>	19,1	23,3	4,20	22,0
<i>Resto de servizos</i>	59,6	61,1	1,50	2,5

Fonte: IGE. EPA

Por sectores económicos, a maioría do emprego en termos absolutos creouse no sector servizos. Cada ano que pasa, a predominancia por número de persoas empregadas deste sector é maior. En 2023 o 72% das persoas en Galiza están ocupadas neste sector.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA. IGE

Desagregando entre as distintas ramas que compoñen cada sector atopamos diferenzas salientábeis.

---

*O 72% das persoas ocupadas en Galiza traballa nalgunha das ramas do sector servizos*

---

No que atinxe ao sector primario, tanto no agrario como en pesca medra a ocupación, pero o aumento máis importante prodúcese no agrario, con 3.900 persoas empregadas máis, o que supón un aumento do 5,9%.

Na pesca estímase 400 persoas empregadas máis que no ano 2022.

A creación de emprego na “industria da madeira”, xunto coa “metalúrxica”, sostivo o emprego industrial con 700 empregados/as máis que no ano 2022. No “resto da industria manufacturera”, xunto á “fabricación de material de transporte”, o número de empregados descendeu con respecto a 2022.

Na construción medrou a ocupación un 3,5%.

No que atinxe ao sector servizos, a evolución das distintas ramas é moi desigual: as maiores medras da ocupación producíronse en “educación”, cun aumento do 11,5% e en “hostalaría”, onde medrou o número de persoas ocupadas un 10,8%.

Tamén no “resto de servizos”, así como en “actividades artísticas e de lecer”, medrou a ocupación de maneira salientábel.

O máis preocupante da evolución do sector servizos é a caída da ocupación en “actividades sanitarias e servizos sociais”, así como no “comercio”, con descensos do 3,6% e 1,4% respectivamente. Por motivos distintos ambas as actividades son moi determinantes.

Cando media Galiza está denunciando e reclamando unha mellor asistencia sanitaria, é nesta rama de actividade onde máis emprego se destrúe.

No que atinxe ao comercio, o peche de pequenos establecementos comerciais é unha constante nas nosas vilas e cidades, o que está mudando o panorama económico e social. Cada vez máis centros comerciais, cos comercios en mans de grandes cadeas, compras a distancia, e, no que atinxe ao emprego, cada vez máis emprego asalariado e precario.

A poboación ocupada desgregadas por situación profesional así nolo confirma.

### **Poboación ocupada por categoría profesional, datos en miles**

	<b>Total</b>		<b>Variación</b>	
	<b>2022</b>	<b>2023</b>	<b>Absoluta</b>	<b>%</b>
<i>Total</i>	1.103,70	1.129,30	25,60	2,3
<i>Empresario/a con asalariados/as</i>	67,8	63,4	-4,40	-6,5



<i>Traballador/a independente ou empresario/a sen asalariados/as</i>	129,5	138,3	8,80	6,8
<i>Membro dunha cooperativa</i>	1,7	1,7	0,00	0,0
<i>Axuda na empresa ou negocio familiar</i>	4,2	2,3	-1,90	-45,2
<i>Asalariado/a do sector público</i>	194,3	197,6	3,30	1,7
<i>Asalariado/a do sector privado</i>	706,1	725,9	19,80	2,8
<i>Outra situación</i>	0,2	0,1	-0,10	-50,0

Fonte: IGE. EPA

Son dúas as categorías que acollen a maioría do novo emprego creado: as persoas asalariadas e as persoas traballadoras como independentes, coñecidas como autónomas.

A medra máis importante produciuse entre a poboación asalariada, especialmente, entre a poboación asalariada no sector privado, cun aumento do 2,8%, o que equivale a 19.800 persoas máis.

O apartado dos/as empresarios/as sen persoas asalariadas tamén tivo unha medra importante, con 8.800 persoas traballando máis como autónomas respecto do ano 2022. Cabe a posibilidade de que unha parte destas, en verdade, sexan falsas autónomas, como se está descubriendo a miúdo en cada vez máis actividades.

En calquera dos casos, a predominancia das persoas asalariadas cada vez é maior. En 2023 son o 81,7% da poboación ocupada. No caso das mulleres a taxa de asalarización chega ao 85%.

Para analizarmos as condicións da poboación asalariada comezamos polo tipo de xornada.

### **Poboación asalariada segundo tipo de xornada e sexo. Datos en miles.**

	<b>Total</b>		<b>variación</b>	
	<b>2022</b>	<b>2023</b>	<b>Absoluta</b>	<b>%</b>
<b>Total</b>	900,4	923,5	23,10	2,6
<b>Homes</b>	454,9	462	7,10	1,6
<b>Mulleres</b>	445,4	461,6	16,20	3,6
<b>Completa</b>				

<i>Total</i>	765,3	785,4	20,10	2,6
<i>Homes</i>	427,2	428,4	1,20	0,3
<i>Mulleres</i>	338,1	357	18,90	5,6
<b><i>Parcial</i></b>				
<i>Total</i>	135,1	138,1	3,00	2,2
<i>Homes</i>	27,7	33,6	5,90	21,3
<i>Mulleres</i>	107,3	104,5	-2,80	-2,6
<i>% mulleres a X. parcial/ total</i>	79,4	75,7		
<i>% mulleres con X. parcial</i>	24,1	22,6		
<i>% homes con X. parcial</i>	6,1	7,3		

Fonte: EPA. IGE, INE

Durante 2023, e a pesar da reforma laboral, continuou incrementándose a poboación asalariada a xornada parcial. Aínda que é certo que aumentaron en maior medida as persoas asalariadas a tempo completo, a xornada parcial continúa sendo unha característica do emprego feminino. Durante 2023, o 22,6% das mulleres asalariadas tiveron xornada a tempo parcial; no caso dos homes esa porcentaxe foi de só o 7,3%. A xornada parcial continúa sendo unha xornada feminizada.

Con respecto ao total das xornadas parciais, o 75,7% das que a sofren en Galiza son mulleres.

---

*O 75,7% das persoas asalariadas en Galiza a xornada parcial son mulleres*

---

Se este tipo de xornada fose voluntaria, non suporía ningún problema, pero só declaran non querer un traballo a xornada completa o 9,9% das mulleres e o 6,7% dos homes que teñen esta xornada.

Non atopar un traballo a xornada completa é a razón principal que manifestan tanto mulleres como homes para teren xornada parcial, e en termos moi semellantes: 49% das mulleres e 48,3% dos homes.

Nas restantes razóns, as diferenzas por sexo son significativas. Os datos son os seguintes.

#### **Poboación asalariada a tempo parcial por motivo da xornada.**

	<i>Total</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>
--	--------------	--------------	-----------------	--------------	-----------------

	2023	2023	2023	%/total	%/total
<i>Total</i>	159,8	43,1	116,7	100,0	100,0
<i>Seguir cursos de enseñanza ou formación</i>	12,6	6,2	6,4	14,4	5,5
<i>Enfermidade ou incapacidade propia</i>	4,5	1,6	2,9	3,7	2,5
<i>Coidado de crianzas ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores</i>	25,9	2,4	23,5	5,6	20,1
<i>Outras obrigas familiares ou persoais</i>	8,7	2,6	6,1	6,0	5,2
<i>Non poder atopar un traballo de xornada completa</i>	78	20,8	57,2	48,3	49,0
<i>Non querer un traballo de xornada completa</i>	14,5	2,9	11,6	6,7	9,9
<i>Outras razóns</i>	15	6,4	8,6	14,8	7,4
<i>Non sabe o motivo</i>	0,7	0,3	0,4	0,7	0,3

Fonte: EPA. IGE,INE.

No caso das mulleres, o segundo motivo que alegan para teren xornada a tempo parcial é o coidado de persoas dependentes, razón que declara o 20,1% delas. Pola contra, só o 5,6% dos homes manifestan esta razón, polo que queda claro que o tema dos coidados é un asunto feminino.

Os datos publicados polo Instituto das Mulleres, na publicación *Mulleres en cifras*, corroboran o anterior, ao cuantificar que, das persoas que en Galiza durante 2022 estiveron en excedencia por coidado de fillos/as, o 87,10% foron mulleres. No caso de coidado de familiares, a porcentaxe de mulleres foi do 73,5%.

Seguir cursos de ensinanza ou formación é unha razón importante para os homes, o 14,4% do total. No caso das mulleres, apenas o 5,5% alegan este motivo.

A pesar da reforma laboral, continúa rexistrándose cada ano un elevado número de contratos.

## Contratos

Tendo en conta só os contratos iniciais, sen os convertidos a indefinidos, durante o ano 2023 rexistráronse nas oficinas do SEPE en Galiza 686.178 contratos, dos que o 68% foron de carácter temporal.

Este elevado número de contratos rexistrados explícase polo escasa duración da maioría deles.

### Contratos iniciais segundo duración do contrato.

	<b>Total</b>	
<i>Total</i>	686.178	
<i>Indefinidos</i>	218.141	
<i>Temporais</i>	468.037	
		%/ temporais
<i>Menos de 1 semana</i>	198.711	42,5
<i>De 1 semana a 1 mes</i>	92.966	19,9
<i>De 1 a 6 meses</i>	108.092	23,1
<i>De 6 meses a 1 ano</i>	8.344	1,8
<i>Máis de 1 ano</i>	1.636	0,3
<i>Indeterminado</i>	58.288	12,5

Fonte: SEPE

Aínda incluíndo os temporais de duración indeterminada, que, como o seu propio nome indica, non se sabe a priori a duración destes, e son un 12,5%, o 42,5% dos contratos rexistrados duraron menos dunha semana. Estamos a falar de que preto de 200.000 contratos duraron menos dunha semana.

Con respecto a 2022, aumentaron estes contratos de escasa duración, xa que nese ano eran o 40% do total.

Se engadimos ata o mes de duración, temos que o 62,3% dos contratos temporais tiveron unha duración inferior ao mes. No ano 2022, foron o 57,8%.

---

*O 42,5% dos contratos temporais duraron menos dunha semana en 2023*

---

É un dato suficientemente ilustrativo da precaria situación en que vive unha parte moi importante da clase traballadora galega.

A situación da maioría contratos dos fixos-descontinuos non difire destes temporais.

As horas traballadas pola poboación ocupada tamén confirman que, a pesar da reforma laboral, non se produciu un cambio nas condicións de traballo.

## Poboación ocupada por número de horas efectivas traballadas na semana de referencia.

	<b>Total</b>		
	<b>2021</b>	<b>2022</b>	<b>2023</b>
<i>Total</i>	1.085,10	1.103,70	1.129,30
<i>0 horas</i>	140,6	142	143,9
<i>De 1 a 19 horas</i>	69,6	68,8	77,1
<i>De 20 a 29 horas</i>	105	111,4	111
<i>De 30 a 39 horas</i>	235,6	235,6	248,8
<i>De 40 a 49 horas</i>	411,4	418,1	427,9
<i>De 50 a 59 horas</i>	48,5	51,2	51,7
<i>De 60 a 69 horas</i>	20,6	24,5	20,9
<i>De 70 a 79 horas</i>	17,1	16,5	16
<i>Máis de 79 horas</i>	6,1	6,4	7,3
<i>Non pode precisar. Non sabe</i>	30,5	29,3	24,7

Fonte: EPA. IGE, INE.

O reparto das horas traballadas mantense a pesar de incremento da ocupación. No ano 2021, o 50,8% das persoas ocupadas traballaron menos de 39 horas a semana; no ano 2023 son o 51,4% os que non acadan este número de horas traballadas. En resumo, parece que o que se produciu foi un maior reparto do traballo.

## Poboación parada.

### Poboación parada

Polo que respecta á poboación parada, de media descendeu un 11% durante o ano 2023, e este descenso foi lixeiramente superior, en termos porcentuais, no caso dos homes respecto das mulleres. A situación queda como segue:

### Poboación parada por sexo.

	<b>2022</b>	<b>2023</b>	<b>variación</b>	
			<b>Absoluta</b>	<b>%</b>
	<b>Galiza</b>			
<i>Total</i>	136,7	121,7	-15,00	-11,0
<i>Homes</i>	64,4	57,3	-7,10	-11,0
<i>Mulleres</i>	72,3	64,4	-7,90	-10,9

Fonte: EPA. IGE, INE.

Son 64.400 mulleres as que a EPA estima que estiveron paradas, de media, en 2023, o que significa un 10,9% menos que no ano 2022. Un 33% destas mulleres son consideradas paradas de longa duración, é dicir, levan máis dun ano en situación de desemprego.

Entre os homes, cun descenso da poboación parada do 11%, o número destes que se estima sen emprego acadou os 57.300 en 2023, e un 37% deles son considerados parados de longa duración.

Con esta evolución, a taxa de paro queda:

### Taxa de paro por sexo.

	<i>Taxa de paro</i>	
	2022	2023
<i>Total</i>	11	9,7
<i>Homes</i>	10,1	8,9
<i>Mulleres</i>	12	10,6

Fonte: EPA. IGE, INE.

A taxa de paro media situouse no 9,7% en 2023: 10,6% entre as mulleres e 8,9% entre os homes. A diferenza é de 1,7 puntos.

O paro afecta máis as mulleres, pero o paro de longa duración afecta máis os homes.

### Poboación inactiva

#### Poboación inactiva segundo clase principal de inactividade e sexo.

	2022	2023	<i>variación</i>	
			Absoluta	%
<b><i>Total</i></b>	1.102,20	1.100,40	-1,80	-0,2
<i>Homes</i>	482,2	480,7	-1,50	-0,3
<i>Mulleres</i>	620	619,6	-0,40	-0,1
<b><i>Estudiante</i></b>				
<i>Total</i>	177,9	177,6	-0,30	-0,2
<i>Homes</i>	83,2	83,4	0,20	0,2
<i>Mulleres</i>	94,7	94,3	-0,40	-0,4
<b><i>Xubilado/a</i></b>				
<i>Total</i>	529,2	527,9	-1,30	-0,2

<i>Homes</i>	298,3	297,8	-0,50	-0,2
<i>Mulleres</i>	230,9	230,1	-0,80	-0,3
<b><i>Labores da casa</i></b>				
<i>Total</i>	174,9	166,3	-8,60	-4,9
<i>Homes</i>	25,4	21,4	-4,00	-15,7
<i>Mulleres</i>	149,5	144,9	-4,60	-3,1
<b><i>Incapacitado/a permanente</i></b>				
<i>Total</i>	56,6	52,7	-3,90	-6,9
<i>Homes</i>	33,2	29,7	-3,50	-10,5
<i>Mulleres</i>	23,4	23	-0,40	-1,7
<b><i>Percibindo unha pensión distinta da xubilación</i></b>				
<i>Total</i>	138,9	145,6	6,70	4,8
<i>Homes</i>	24,5	28,5	4,00	16,3
<i>Mulleres</i>	114,4	117	2,60	2,3
<b><i>Outra</i></b>				
<i>Total</i>	14,2	17,4	3,20	22,5
<i>Homes</i>	9,1	11,2	2,10	23,1
<i>Mulleres</i>	5,2	6,2	1,00	19,2
<b><i>Non sabe. Non refire estado de inactividade</i></b>				
<i>Total</i>	10,4	12,9	2,50	24,0
<i>Homes</i>	8,5	8,8	0,30	3,5
<i>Mulleres</i>	1,9	4,1	2,20	115,8

Fonte: EPA. IGE, INE.

En xeral, descendeu a poboación inactiva un 0,2%. Este descenso foi maior no caso dos homes que no das mulleres, tanto en termos absolutos como relativos. Con esta evolución o número de persoas estimadas como inactivas foi de 1.100.400 en 2023.

As persoas inactivas por labores do fogar foi o colectivo onde, en termos absolutos, máis descendeu a inactividade; descenso que afectou tanto a homes como a mulleres en termos semellantes. Aínda así, o 87,13% das persoas inactivas por esta causa son mulleres.

O número de persoas que se manteñen en inactividade por estar estudando descendeu un 0,2% durante 2023; descenso que só se deu entre as mulleres (0,4% menos), xa que entre os homes aumentou o número de estudantes un 0,2%.

A xubilación é a causa principal de inactividade tanto para mulleres como para homes. Así, son 527.900 as persoas xubiladas en Galiza segundo a EPA en 2023, das cales o 43,5% son mulleres, un 0,3% menos que no ano 2022.

Se ás persoas xubiladas engadimos as que perciben unha pensión distinta da de xubilación, que son unhas 145.600 persoas (este grupo de persoas medrou un 4,8% con respecto a 2022), temos que o 61,2% da poboación inactiva en Galiza son pensionistas.

Natividad López Gromaz

Gabinete Técnico Confederal